

# CURRÍCULUM

**EA**

**SEXTO**  
EDUCACIÓN PRIMARIA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## Disciplinas específicas

### Área de Educación Artística

Á hora de abordar a Educación artística, que nesta etapa engloba a Educación musical e a Educación plástica, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

Nesta etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado, feito no que se centran algúns dos estándares deste currículo, xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

Xa que logo, para desenvolver este currículo tivemos en conta a total integración nel da aprendizaxe por competencias, de xeito que o profesorado poida utilizar este documento como guía e base da adquisición de competencias do seu alumnado, obxectivo primordial deste enfoque.

Para isto, é imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.

Así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e propónse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

Faise necesaria unha implicación do profesorado na creación de materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe, así como un compromiso co desenvolvemento destas metodoloxías na aula, feito que leva consigo un importante nivel de coordinación de todos os membros da comunidade educativa -en particular as familias-, unha reflexión e a avaliación dos resultados, para definir melloras posteriores.

Por último, para facilitar a concreción curricular tanto na área de Música como na de Educación plástica establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

#### Educación plástica

Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

#### Educación musical

Bloque 1. A escoita. Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

Bloque 2. A interpretación musical. O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

| ÁREA  | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)  |   | CURSO   | SEXTO  |
|---|---|---|---|--|
| Objetivos   | Contidos  | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave   |
| <b>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</b>  |   |   |   |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> <li>▪ b</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo.</li> <li>▪ B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.</li> <li>▪ B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes.</li> </ul>        | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.</li> </ul>                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.</li> <li>▪ EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.</li> <li>▪ EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.</li> <li>▪ EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.</li> <li>▪ EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.</li> <li>▪ EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> <li>▪ b</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías.</li> <li>▪ B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual.</li> <li>▪ B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.</li> <li>▪ B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).</li> <li>▪ EPB1.2.2. Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.</li> <li>▪ EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>  |

| ÁREA  | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)  |   | CURSO   | SEXTO  |
|---|---|---|---|--|
| Obxectivos  | Contidos  | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave   |
|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.</li> <li>▪ B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.</li> </ul>   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul> |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul> |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ i</li> <li>▪ a</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.</li> <li>▪ B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).</li> <li>▪ B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.</li> <li>▪ B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.</li> </ul>                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>                  |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>                  |



| ÁREA   | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)   |  | CURSO  | SEXTO   |
|--|--|--|--|---|
| Objetivos  | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave  |
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.</li> </ul>  |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>j</li> <li>b</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Análise das formas de representación de volume.</li> <li>B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais.</li> <li>B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</li> <li>EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.</li> <li>EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.</li> <li>EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>j</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas.</li> <li>B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos.</li> <li>B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.</li> <li>B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.</li> <li>EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.</li> <li>EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul> |



| ÁREA  | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)  |  | CURSO   | SEXTO  |
|---|---|--|---|--|
| Objetivos   | Contidos  | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados.</li> <li>▪ B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                 |
|   |   |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                 |
|   |   |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>                 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ j</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade.</li> <li>▪ B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas).</li> <li>▪ B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/ as compañeiros/as.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                |
|   |   |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                |
|   |   |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.</li> </ul>                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                |
|   |   |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul> |
| BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO   |   |  |   |  |

| ÁREA  | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)   |  | CURSO  | SEXTO  |
|---|--|--|--|--|
| Obxectivos  | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ b</li> <li>▪ j</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.</li> <li>▪ B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.</li> <li>▪ B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas.</li> <li>▪ B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.</li> <li>▪ B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.</li> </ul>                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul> |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul> |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>                |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.</li> </ul>                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.</li> </ul>                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul> |
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                  |

| ÁREA  | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)  |   | CURSO   | SEXTO  |
|---|---|---|---|--|
| Obxectivos  | Contidos  | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave   |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>                                  |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.</li> </ul>                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                    |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>                  |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                  |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.</li> </ul>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCET</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ g</li> <li>▪ b</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.</li> </ul>           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>   |

| ÁREA  | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)   |   | CURSO   | SEXTO  |
|---|---|---|---|--|
| Objetivos   | Contidos  | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave   |
| <b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>  |   |   |   |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.</li> <li>▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.</li> <li>▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.</li> <li>▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas,</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>   |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.</li> <li>▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                  |
|   |   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>                  |
| <b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL</b>                                      |   |   |   |  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ e</li> <li>▪ k</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d/a</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.</li> </ul>  |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>                  |

| ÁREA   | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)  |  | CURSO   | SEXTO   |
|--|--|--|---|---|
| Obxectivos   | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave  |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.</li> <li>▪ B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.</li> <li>▪ B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</li> <li>▪ B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.</li> <li>▪ B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.</li> <li>▪ B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>                              |
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>                              |
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento</li> </ul>           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>               |
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.</li> </ul>        | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>               |
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>                               |
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>                               |
|  |  |  |   |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ j</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</li> <li>▪ B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul> |
|  |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>  |

| ÁREA   | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)   |   | CURSO   | SEXTO   |
|--|---|---|---|---|
| Objetivos  | Contidos  | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave  |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios.</li> <li>▪ B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.</li> </ul>   |   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>  |
| <b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>   |   |   |   |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ j</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h/d</li> <li>▪ o</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.</li> <li>▪ B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.</li> <li>▪ B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.</li> <li>▪ B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.</li> <li>▪ B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</li> <li>▪ EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.</li> <li>▪ EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.</li> <li>▪ EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.</li> <li>▪ EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.</li> <li>▪ EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.</li> <li>▪ EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul> |

| ÁREA      | EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) |                         | CURSO   | SEXTO   |
|-----------|---|-------------------------|---|---|
| Objetivos | Contidos                                | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave                                      |
|           |   |                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EMB3.1.8. A moso respecto polas demais persoas e colaboración con elas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul> |